

Expte. 2.039/440

**DESTINATARIO:  
MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO:**

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POLO  
PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:  
PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA**

**INFORME:**

A mesa de contratación celebrada o pasado 26 de novembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras para a **Proxecto de Humanización da Rúa Marqués de Valterra**.

Resultando admitidas as empresas que se indican a continuación:

1. C. Aldasa, S.L.U.
2. Construcciones deportivas Indepo, S.L.
3. Construcciones Ramírez, S.L.
4. Xestión Ambiental de Contratas, S.L.
5. Oresa, S.L.
6. Construccions, obras e viais, S.A.
7. Oreco, S.A.
8. Construcciones Crespo, S.A.
9. Obras e proxectos Gomacóns, S.L.
10. Construcciones Orega, S.L.
11. Copcisa, S.A.
12. Anllar Construcciones, S.L.
13. Hordescon, S.L.
14. Construcciones Vale, S.L.
15. Construcciones y Técnicas Casamore, S.L.
16. Obras y Saneamientos de Galicia, S.L.

Nas FEC, apartado 8.A. establécense os criterios valorables mediante xuízo de valor, sendo textualmente os seguintes:



Expte. 2.039/440

**a.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra**

Atendendo a necesidade de valoración do grado de coñecemento do proxecto da obra, así como dos procesos derivados da execución da mesma por parte do licitador, procederase a valoración ata un máximo de doce (12) puntos a achega dunha Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra, que deberán ter en conta o análise da actuación a desenvolver, o estudo do ámbito de actuación, así como a proposta de implantación na obra e súa planificación sobre o período de execución.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- a. Ata **2 puntos**. A descrición analítica e detallada do proxecto, así como unha análise dos aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra (actividades importante da execución da obra, subministros de materiais, acopios, etc). Dita memoria debe contemplar todos os condicionantes definidos no proxecto, determinando o grado de incidencia na execución da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se desenvolvan todos os aspectos indicados anteriormente cun alto grado de detalle e análise e con representación gráfica adecuada.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*1.Descrición detallada das actuacións recollidas en proxecto con esquemas e planos.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*2.Análise dos aspectos principais que poidan incidir no desenvolvemento da obra.*

*3.Descrición de totales unidades que se inclúen no proxecto.*

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.*

- b. Ata **5 puntos**. A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e que presenten unha explicación gráfica. Deberán describirse as afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatolóxicos, usos específicos do entorno) así como as medidas que permitan simultanear a obra coas actividades cotidianas do entorno, ditos aspectos recóllense definidos nos proxectos de maneira indicativa, polo cal deben de analizarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se desenvolvan todos os aspectos indicados anteriormente cun alto grado de detalle e análise e con representación gráfica adecuada.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*1.Información gráfica detallada e analizada do ámbito de actuación.*

*2.Descripción gráfica dos desvíos de tráfico propostos.*

*3.Xustificación dos coeficientes climatolóxicos de redución do rendemento en obra.*

*4.Descripción dos condicionantes do entorno importantes para a execución da obra.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*5.Información gráfica do ámbito de actuación.*

*6.Descrición dos desvíos de tráfico.*

*7.Información da implantación de casetas, acopios, cartel de obra...*



Expte. 2.039/440

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.*

- c. Ata **5 puntos**. A análise e descrición da planificación da obra en relación os equipos materiais e humanos adscritos a obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación os prazos de execución propostos. Dita proposta deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente a peculiaridade da obra co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se desenvolvan todos os aspectos indicados anteriormente cun alto grado de detalle e análise e con representación gráfica adecuada.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

- 1. Planificación diaria dos traballos.*
- 2. Planificación e evolución dos costes da obra.*
- 3. Desenrolo extenso das unidades de obra dentro da planificación.*
- 4. Xustificación rendementos equipos.*
- 5. Xustificación rendementos unidades de obra.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

- 6. Descrición dos condicionantes da obra respecto o prazo de execución.*
- 7. Diagrama de Gant*
- 8. Camiño crítico.*

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.*

#### **a.2.- Plan de control de calidade:**

Para a valoración deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos a achega dunha Memoria sobre os plans de calidade, que o licitador propoñerá para a execución da obra.

A valoración da Memoria sobre os plans de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

- a. Ata 2,5 puntos. A descrición analítica e detallada dos plans de controis de calidade a executar a maiores dos contemplados no proxecto. Dita memoria deberá recoller a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, os cales deberán ter unha incidencia directa no obxecto da obra.

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se presente un plan de ensaios con indicación clara do tipo e nº de unidades dos ensaios, estes sexan acordes a obra en cuestión, se ensaien tódalas unidades necesarias e se xustifique o plan a maiores do de proxecto.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada unha das unidades de proxecto que non se presenten ensaios e se considere necesario.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima cando non se presente:*

- 1. Indicación clara de número e tipo de ensaios a levar a cabo.*

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contraditorios.*

- b. Ata 2,5 puntos. A descrición analítica e detallada dos plans de auto control interno da empresa directamente relacionados coa execución do obxecto da obra.



Expte. 2.039/440

*A puntuación máxima deste apartado será asignada cando se presente descripción detallada dos procedementos internos de I+D+i, xestión de residuos, prácticas medioambientais e de calidade.*

*Será descontado un 20 % da puntuación máxima por cada un dos aspectos seguintes que non se presenten:*

*1.Descripción procedementos internos de I+D+i e exemplos.*

*2.Descripción detallada e específica dos procedementos internos para a obra en cuestión relativa a xestión de residuos.*

*3.Descripción procedementos internos de prácticas medioambientais.*

*Será descontado un 40 % da puntuación máxima cando non se presente:*

*4. Descripción dos procedementos internos de calidade.*

*A puntuación será 0 cando a exposición conteña aspectos contradictorios.*

### **a.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:**

Se valorará ate un máximo de **tres (3)puntos** o desenvolvemento dunha memoria descriptiva que deberá contemplar a descripción das boas practicas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético, e por outro lado as actuación para a redución das emisións contaminantes á atmosfera.

*Outorgaselle 3 puntos a aquelas memorias que presenten un estudio pormenorizado das medidas a empregar, adaptado a obra en cuestión e xustificativo das reducións e aforros.*

*Outorgaselle 2 puntos a aquelas memorias que presenten un estudio das medidas a empregar, adaptado a obra en cuestión e xustificativo das reducións e aforros e que non acaden un grado de desenvolvemento comparable o indicado no apartado anterior .*

*Outorgaselle 1 punto a aquelas memorias que presenten un estudio das medidas a empregar sen presentar xustificación das reducións e aforros ou cun alto grado de xeneralidades.*

*Outorgaselle 0 puntos cando a exposición conteña aspectos contradictorios.*

Cando algún dos apartados anteriores non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo ou do nº de follas máximas descritos no apartado 7.A das FEC, a valoración do mesmo será de (cero) 0 puntos.

## **VALORACIÓN DAS OFERTAS**

Analizadas, según estes criterios, as distintas ofertas, os resultados son os que se detallan na táboa que se achega:

AC/jc

Vigo, 5 de decembro de 2013

O Xefe de Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

|                                         |              |
|-----------------------------------------|--------------|
| HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUES DE VALTERRA | 211.000,00 € |
|-----------------------------------------|--------------|

| licitador                       | DESCRIPCIÓN ANALÍTICA DO PROXECTO (2 PUNTOS) | ASPECTOS QUE NON PRESENTA | ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN E PROCESOS DE IMPLANTACIÓN (5 PUNTOS) | ASPECTOS QUE NON PRESENTA | PLANIFICACIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA (5 PUNTOS) | ASPECTOS QUE NON PRESENTA | TOTAL PUNTOS MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DE OBRA (12 PUNTOS) | ENSAIOS DE CONTROL DE CALIDADE (2,5 PUNTOS) | ENSAIOS QUE NON PRESENTA           | PLAN DE AUTOCONTROL INTERNO (2,5 PUNTOS) | ASPECTOS QUE NON PRESENTA | TOTAL PUNTOS PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (5 PUNTOS) | PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS (3 PUNTOS) | Puntuación Total |
|---------------------------------|----------------------------------------------|---------------------------|----------------------------------------------------------------------|---------------------------|-----------------------------------------------|---------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------|-----------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| ALDASA                          | 2                                            |                           | 4                                                                    | 1                         | 2                                             | 3_6                       | 8                                                                                       | 2                                           | mandrilado                         | 2,5                                      |                           | 4,5                                                 | 2                                                                            | 14,50            |
| INDEPO                          | 2                                            |                           | 4                                                                    | 2                         | 4                                             | 3                         | 10                                                                                      | 1                                           | Zahorra, sinalización e mandrilado | 1,5                                      | 1_2                       | 2,5                                                 | 2                                                                            | 14,50            |
| RAMIREZ                         | 2                                            |                           | 4                                                                    | 4                         | 2                                             | 4_6                       | 8                                                                                       | 2                                           | mandrilado                         | 1,5                                      | 1_2                       | 3,5                                                 | 1                                                                            | 12,50            |
| XAC                             | 1,6                                          | 1                         | 4                                                                    | 4                         | 3                                             | 6                         | 8,6                                                                                     | 2                                           | mandrilado                         | 1,5                                      | 1_2                       | 3,5                                                 | 1                                                                            | 13,10            |
| ORESA                           | 2                                            |                           | 4                                                                    | 4                         | 2                                             | 3_6                       | 8                                                                                       | 2                                           | mandrilado                         | 1                                        | 1_2_3                     | 3                                                   | 2                                                                            | 13,00            |
| COVSA                           | 1,6                                          | 1                         | 2                                                                    | 4_7                       | 2                                             | 3_6                       | 5,6                                                                                     | 2                                           | mandrilado                         | 1,5                                      | 1_2                       | 3,5                                                 | 1                                                                            | 10,10            |
| ORECO                           | 2                                            |                           | 5                                                                    |                           | 3                                             | 6                         | 10                                                                                      | 1                                           | Zahorra, sinalización e mandrilado | 1,5                                      | 1_2                       | 2,5                                                 | 2                                                                            | 14,50            |
| UTE CRESPO-CASAS                | 1,6                                          | 1                         | 0                                                                    | 1_2_4_7                   | 2                                             | 3_6                       | 3,6                                                                                     | 2                                           | mandrilado                         | 2                                        | 2                         | 4                                                   | 1                                                                            | 8,60             |
| GOMAGONS                        | 0,8                                          | 1_3                       | 0                                                                    | 1_2_4_7                   | 0                                             | 1_2_3_4_5_6_8             | 0,8                                                                                     | 2                                           | mandrilado                         | 0,5                                      | 1_2_3_4                   | 2,5                                                 | 1                                                                            | 4,30             |
| OREGA                           | 1,2                                          | 3                         | 3                                                                    | 1_2                       | 2                                             | 3_6                       | 6,2                                                                                     | 1                                           | Zahorra, sinalización e mandrilado | 1,5                                      | 1_2                       | 2,5                                                 | 2                                                                            | 10,70            |
| COPCISA                         | 1,6                                          | 1                         | 4                                                                    | 4                         | 2                                             | 3_6                       | 7,6                                                                                     | 1                                           | Zahorra, rego e sinalización       | 2                                        | 2                         | 3                                                   | 1                                                                            | 11,60            |
| ANLLAR                          | 0,8                                          | 1_3                       | 4                                                                    | 4                         | 1                                             | 2_3_6                     | 5,8                                                                                     | 1,5                                         | Rego e sinalización                | 1,5                                      | 1_2                       | 3                                                   | 1                                                                            | 9,80             |
| BORDESCON                       | 2                                            |                           | 4                                                                    | 2                         | 4                                             | 4                         | 10                                                                                      | 1                                           | Zahorra, sinalización e mandrilado | 1,5                                      | 2_3                       | 2,5                                                 | 1                                                                            | 13,50            |
| EIRIÑA                          | 1,6                                          | 1                         | 5                                                                    |                           | 5                                             |                           | 11,6                                                                                    | 2                                           | mandrilado                         | 1,5                                      | 1_2                       | 3,5                                                 | 2                                                                            | 17,10            |
| VALE                            | 0,8                                          | 1_3                       | 0                                                                    | 3_4_5_6                   | 0                                             | 3_4_5_6                   | 0,8                                                                                     | 2                                           | mandrilado                         | 1                                        | 1_2_3                     | 3                                                   | 1                                                                            | 4,80             |
| CASAMORE                        | 0,8                                          | 1_3                       | 2                                                                    | 1_2_4                     | 1                                             | 2_5_6                     | 3,8                                                                                     | 2                                           | mandrilado                         | 1                                        | 1_2_3                     | 3                                                   | 1                                                                            | 7,80             |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA | 2                                            |                           | 4                                                                    | 2                         | 4                                             | 4                         | 10                                                                                      | 1                                           | Zahorra, sinalización e mandrilado | 1                                        | 1_2_3                     | 2                                                   | 1                                                                            | 13,00            |

O Xefe de Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal